



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA-URXENTE, NÚMERO CATROCENTOS CINCUENTA E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA CINCO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás vinte horas e quince minutos do día cinco de xullo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. M^a Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Loes, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Liger Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria-urxente correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3554.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- Polo Sr. secretario presente na sesión explícase aos membros da Corporación que a urxencia da convocatoria está motivada principalmente polo expediente de contratación do servizo de axuda no fogar que o servizo rematou hai uns meses atrás e co motivo da constitución da nova corporación non se puido tratar ademais no prego de cláusulas estableceuse á constitución dunha garantía complementaria e as empresas están a chamar para que se proceda a súa devolución e agora aínda sería a adopción do acordo de clasificación de ofertas e requirimento de achega de documentación sería no vindeiro pleno cando se procedería á adxudicación. De conformidade co disposto no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a ratificación da urxencia da convocatoria, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG E 2 PSOE), 7 votos en contra do PP, manifestando o voceiro do PP que non están de acordo coa urxencia xa que o servizo leva tempo sen contratar e podería esperar ata o pleno ordinario xa que os intereses que xera a garantía complementaria tampouco lle supón moito ás empresas e ningunha abstención.

3555.- CONTRATACIÓN, EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO.- Sometido a votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Dáse conta dos acordos números 3502 e 3520 adoptados nas sesións do Pleno do 10 de marzo e 26 de abril de 2011 respectivamente, na que se acordou á aprobación do expediente de contratación da xestión servizo de axuda no fogar e apertura de procedemento de licitación mediante procedemento aberto con varios criterios de valoración e trámite ordinario.

Publicados anuncios de licitación no Boletín Oficial da Provincia de datas 7 de abril de 2011 e 29 de abril de 2011, ábrese o prazo de presentación de ofertas polo prazo de 15 días hábiles que remata o 18 de maio de 2011, presentándose á licitación as empresas que se enumeran a continuación :

1º.- Documentación presentada pola empresa Saúde de SLU Xentes con data de entrada 05/05/2011, núm. 2525.

2º.- Documentación presentada pola empresa Sacendi con data de entrada 11/05/2011, núm. 2631.

3º.- Documentación presentada pola empresa Idades, SL con data 13/05/2011, número 2699.

4º.- Documentación presentada pola empresa COESCO-DEZA, SL (SOCYSER) con data 16/05/2011, núm.2730.

5º.- Documentación presentada por Matilde Calvo Suárez (FISS Coruña en UTE co L`ONADA) con data 16/05/2011, núm. 2735.

6º.- Documentación presentada pola empresa Atendo Calidade, SL con data 16/05/2011, núm. 2738.

7º.- Documentación presentada pola empresa Clece, SA con data 16/05/2011, núm. 2742.

De conformidade co establecido no prego de cláusulas administrativas reúnese a Mesa de Contratación, nomeada ao efecto, con data 24 de maio para proceder á apertura das plicas presentadas e unha vez examinada a documentación presentada acorda efectuar requirimento ás empresas que se relacionan a continuación para que no prazo de tres días presenten:

Sacendi.- Documentación acreditativa de cumprir coa solvencia técnica.

Matilde Calvo Suárez (FISS Coruña) en UTE con LÓNADA .- Documentación acreditativa de cumprir coa Solvencia Económica e Financeira e Solvencia Técnica.

Acordando igualmente declarar admitidas ás 5empresas restantes presentadas admitidas a licitación.

Efectuados con data 24 de maio de 2011 os requirimentos acordados ás empresas anteditas recíbese a documentación requirida acordándose pola Mesa de Contratación na reunión de 30 de maio de 2011:

1º- Declarar admitida á empresa Sacendi, por presentar a documentación requirida que acredita a súa Solvencia Técnica, mediante a aportación de liquidacións de servizos realizados de axuda no fogar a través do programa Cheque asistencial.

2º.- Declarar inadmitida ás empresas en UTE Matilde Calvo Suárez e L'ONADA por considerar a documentación presentada non xustificada adecuadamente a súa solvencia económica e financeira e técnica que basea na aportada pola empresa L'ONADA integrante da UTE.

Posteriormente procédese á apertura dos Sobres B, criterios sometidos a xuízo de valor non avaliábel automaticamente das 6 empresas admitidas a licitación, solicitándose informe dos técnicos responsables dos Servizos Sociais e concretamente da prestación do Servizo de Axuda no Fogar para a súa valoración.

Emitido pola Traballadora Social con data 03 de xuño de 2011 o correspondente informe solicitado pola mesa na sesión antedita no que se pon de manifesto que unha vez estudado o expediente individual das empresas licitantes considerando que todas expoñen a organización e planificación do servizo conforme á lexislación vixente a puntuación acadada correspondente aos criterios sometidos a xuízo de valor é a seguinte por orde de presentación : 1º.- Atendo: 22,70 puntos ; 2º.- Idades: 39,04 puntos; 3º.- Clece: 20,89 puntos; 4º.- Sacendi: 22,70 puntos; 5º.- Xentes : 13,63 puntos; 6º.- Socyser: 20,89 puntos.

Con data 07 de xuño de 2011, reúnese novamente a Mesa de Contratación para dar conta do informe emitido pola Traballadora Social e proceder á apertura dos Sobres C, oferta económica, das 6 empresas que continúan no procedemento na forma que se indica na cláusula

15 do PCAP, seguíndose a orde de presentación no Rexistro de Entrada do Concello co seguinte Resultado:

Núm. 1 Galicia Saudade, SLU (Xentes), ofrece un prezo de 12,98 €/h máis ive, con respecto ao apartado de recursos humanos un traballador social a xornada completa e dous a media xornada, cursos gratuítos de formación e unha proposta de melloras ao prego na que non se recollen as solicitadas no mesmo.

Núm. 2 Sacendi. Servicios Socio Sanitarios, oferta un prezo de 13,50 €/h sen facer constar se o ive vai ou non incluído no prezo, polo que se considera incluído dado o teor do artigo 25 do Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido, en relación co artigo 88.1 da Lei do indicado Imposto, oferta un traballador social máis dos esixidos no PCAP, unhas melloras que non se adecúan ás indicadas no prego e 60 horas de formación.

Núm. 3 Idades, SL, oferta un prezo de 12,98 €/h máis ive, con respecto ao apartado de recursos humanos 2 traballadores sociais máis dos esixidos no prego, melloras consistentes en menú xantar a un prezo de 4,98€ e de xantar e cea a un prezo de 7,98€, 2 lavados

individuais á semana a cada un dos usuarios que supón 46 lavados, liña 900 e 185 horas máis das esixidas no prego para formación, acompañando igualmente estudio de viabilidade.

Núm. 4 Coesco-Deza, SL (Socyser), oferta un prezo de 13,20 €/h máis ive, con respecto ao apartado de recursos humanos 2 traballadores sociais máis dos esixidos no prego, melloras consistentes en menú xantar a un prezo de 4,19€ e de xantar e cea a un prezo de 6,87€, 40 lavados individuais á semana, liña 900 e 15 horas máis das esixidas no prego para formación, acompañando igualmente estudio de viabilidade.

Núm. 5 Atendo Calidade S.L. oferta un prezo de 13,38 €/h sen facer constar se o ive vai ou non incluído no prezo, polo que se considera incluído dado o teor do artigo 25 do Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido, en relación co artigo 88.1 da Lei do indicado Imposto, melloras consistentes en menú de xantar e cea a un prezo de 7,90€, liña 900 e 100 horas máis das esixidas no prego para formación, acompañando igualmente estudio de viabilidade.

Núm. 6 Clece, SA., oferta un prezo de 12,54 €/h máis ive, con respecto ao apartado de recursos humanos 2 traballadores sociais máis dos esixidos no prego, melloras consistentes en menú xantar a un prezo de 4,60€ e de xantar e cea a un prezo de 7,55€, 2 lavados individuais á semana a cada un dos usuarios que supón 46 lavados, liña 900 e 31 horas máis das esixidas no prego para formación, acompañando igualmente estudio de viabilidade.

Rematado o acto público de apertura, realízase un estudio máis detido de cada unha das ofertas presentadas coa finalidade da valoración dos criterios na forma que se sinala na cláusula 11 do PCAP, despois da análise exahustiva, a deliberación en cada un dos apartados e a aplicación dos criterios de proporcionalidade matemática como se indica no prego, nos casos precisos, queda como se recolle no seguinte cadro:

EMPRESA	OFERTA ECONÓM		Xantar e cea	Puntos	lavados	ptos liña		T.S. Máis	Puntos	Horas formación	Puntos	TOTAL SOBREC	SOBRE B	TOTAL PUNTO CIÓN
	ICA	PUNTOS O.E				puntos	900							
XENTES	12,98	38,64	0	0	0	0	0	2	6	0	0	44,64	13,63	58,27
SACENDI	12,75	39,34	0	0	0	0	0	1	3	60	4	46,34	22,7	69,04
IDADES	12,98	38,64	7,98	4,3	46	4	1	2	6	185	4	57,95	39,04	96,99
SOCISER	13,2	38,00	6,87	5	40	4	1	2	6	15	4	58	20,89	78,89
ATENDO	12,64	39,68	7,9	4,35	0	0	1	0	0	100	4	49,03	22,7	71,73
CLECE	12,54	40	7,55	4,55	46	4	1	2	6	31	4	59,55	20,89	80,44

En base ao recollido na tabla anterior, a Mesa propón ao órgano de contratación a seguinte clasificación de ofertas:

1. Idades, SL, con 96,99 puntos;
2. Clece, S.A., con 80,44 puntos;
3. Coesco-Deza, SL (Socyser), con 78,89 puntos;
4. Atendo Calidade S.L, 71,73 puntos;
5. Sacendi Servicios Socio Sanitarios, 69,04

puntos e Galicia Saudade, SLU (Xentes), 58,27 puntos.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu grupo vai votar en contra da adxudicación a favor da empresa Idades, SL debido a que en sesións pasadas do Pleno polo Partido Popular fíxose unha denuncia pública a esta empresa motivado polas denuncias das propias traballadoras que prestan o servizo, xa que non se estaba a cumprir a lexislación, no referente a nóminas e seguridade social con elas, que teñen probas que o demostran, e que non están de acordo coa adxudicación por estes. Solicitándose a Sra. Concelleira de Servizos Sociais que faga un control da empresa nos mesmos termos denunciados.

O Sr. Barreiro Lubián di que non existe ningún informe negativo das técnicas responsables do servizo para non ter en conta a oferta presentada e que se teñen probas de que a empresa non cumpra cos dereitos das traballadoras o que teñen que facer é denunciálo na inspección de traballo.

A Sra. Besada Lores di que no momento que a anterior Concelleira de Servizos Sociais tivo coñecemento da denuncia presentada polo Partido Popular, fixéronse as averiguacións oportunas non detectándose ningunha irregularidade na prestación do servizo e que está claramente motivado a adxudicación no informe técnico e de acordo co manifestado polo Sr. Barreiro o sitio para denunciar é Inspección de Traballo

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación a proposta da Mesa de Contratación de data 07 de xuño de 2011, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a clasificación de ofertas proposta pola Mesa de Contratación e de conformidade co establecido no artigo 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público clasificar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por Idades, SL que oferta un prezo de 12,98 €/h máis iva, con respecto ao apartado de recursos humanos 2 traballadores sociais máis dos esixidos no prego, melloras consistentes en menú xantar a un prezo de 4,98 € e de xantar e cea a un prezo de 7,98€, 2 lavados individuais á semana a cada un dos usuarios que supón 46 lavados, liña 900 e 185 horas máis das esixidas no prego para formación acompañando estudo de viabilidade.

Segundo: Requirir á empresa para que no prazo dos cinco días hábiles seguintes presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, Estado e Comunidade autónoma e Seguridade Social e Concello de Poio así como proceda á constitución da garantía definitiva por importe de 6000,00€ de conformidade co establecido na cláusula 7 do PCAP.

Terceiro : Notificar o presente ao adxudicatario e licitadores, con indicación dos recursos que procedan.

3556.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE CAMBIO DE FINALIDADE DA

SUBVENCIÓN NOMINATIVA APROBADA NOS ORZAMENTOS DO 2011 AO CLUB DO MAR BUEU.- Sometido a votación a ratificación da inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por Comisión Informativa ningunha esta quedou aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Dáse conta á Corporación da proposta da alcaldía de data 01 de xullo de 2011 no que expón que no Anexo de subvencións nominativas aprobadas no orzamento do ano 2011 figura unha subvención de 4.000,00 € ao club de Mar Bueu para sufragar os gastos da Escola de Remo de Campelo e solicita que se realice o cambio de finalidade desta subvención, destinando estos fondos a sufragar os gastos derivados da realización da Bandeira de Traiñas Concello de Poio.

A interventora presente na sesión explica que o expediente non foi obxecto de informe porque unicamente se cambia o concepto sendo a aplicación presupostaria, perceptor e importe o mesmo, o único que se fai é incluír no expediente o anexo de subvencións aprobado e o mesmo coa modificación realizada.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do Partido Popular acordou aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

E non habendo máis asuntos que tratar sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, polo Sr. Presidente, dáse por rematada a sesión da que eu, secretario xeral dou fe.